

## CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2021 NO MARCO DO PROGRAMA COMPOSTELA MÓVESE 2021

Dunha parte, D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra, D. Antonio López Díaz que actúa en nome e representación da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con CIF Q1518001A, e con domicilio en Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n. CP 15782, Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

### EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, "Xeral de Subvencións" e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela leva colaborando coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA apoiando os proxectos de desenvolvemento económico e fomento do emprendemento a través do programa municipal Compostela Móvese a través de convenio dende o ano 2020.  
O programa municipal Compostela Móvese integra continuando coa liña aberta no ano 2015 e en anos anteriores baixo o nome Santiago Investors Support ou Compostela Activa todas as accións da Oficina de Promoción Económica relacionadas co apoio a cultura emprendedora e á creación de novas empresas. A Oficina de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela leva apoiando a creación de empresas e o autoemprego a través de programas de formación, dinamización da actividade económica, encontro comercial e axudas dende a súa creación no ano 2004, existindo ademais esta liña de traballo e actividade con anterioridade a esa data no marco das accións da extinta Axencia de Desenvolvemento Local.  
Segundo o establecido no artigo 3 puntos a) e b) da Lei 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; polo tanto a continuidade destas liñas de axudas ao establecemento da actividade empresarial non poden ser consideradas exercicio de novas competencias.  
A aportación propia precisa para a execución das actividades realízanse con fondos propios do Concello de Santiago de Compostela non comprometendo a sustentabilidade financeira do Concello de Santiago e non supoñendo ademais unha reiteración ou duplicidade sobre as actividades realizadas pola Xunta de Galicia.
- III. Por outra banda, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ten creado unha a través do programa "Woman Emprende" unha rede para desenvolver unha plataforma de traballo para potenciar a creación de empresas no ámbito universitario, e conseguir resultados de participación das mulleres en consonancia á súa cota de participación na Universidade. O obxectivo de "Woman Emprende" consiste en acadar que a porcentaxe de emprendedoras sexa similar ao de universitarias. Tamén a a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA a través do IDEGA, desde o inicio da súa actividade hai xa máis de 35 anos, amosou o seu compromiso co fomento da investigación científica, a xeración de coñecemento sobre a realidade social, económica e territorial de Galicia e a difusión dos seus resultados en beneficio de toda a sociedade. Publicacións como o informe anual sobre a A

Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela.  
Edificio CERSIA Empresa, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela  
Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal

Economía Galega, a coordinación de Plans Estratéxicos de desenvolvemento local e provincial, o importante número de proxectos competitivos sobre a investigación socioeconómica e territorial de Galicia, os numerosos cursos, seminarios, encontros e congresos (Congreso de Economía de Galicia en todas as súas edicións) e o importante número de investigadores mozos formados sitúan o IDEGA como principal centro de investigación socioeconómica e territorial de Galicia e en referente para a toma de decisións das institucións públicas e privadas que inflúen no desenvolvemento territorial nas sociedades do noso contorno.

- IV. Que son os convenios o instrumento habitual para analizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.
- V. Que o Concello de Santiago para levar a cabo a colaboración coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de Execución de Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021 e ao establecido no anexo ao estado de gastos dos capítulos IV e VII que forma parte do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2021, achegará a cantidade de corenta mil euros- 40.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4890003.

E, polo que as partes

### MANIFESTAN

- I. Que na situación de paralización da actividade económica provocada polo Decreto 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, foi preciso establecer mecanismos nos que, de xeito coordinado se articule o proceso de reactivación económica da actividade local aprobándose con data 14 de xuño de 2021 o programa Compostela Móvese 2021 no que se recolle como obxectivo "Impulsar medidas de reactivación económica a corto, medio e longo prazo nun espazo de concertación cos axentes económicos da cidade, que permita aos mesmos afrontar con información fiable e medidas útiles de consenso a crise económica derivada da emerxencia sanitaria provocada polo COVID19 e as sucesivas crises da mesma índole que podían acontecer nun futuro." E como obxectivos específicos os seguintes:
  - Manter a estreita colaboración aberto coa Universidade de Santiago de Compostela, un dos elementos definidores da cidade e motor de coñecemento. Continuar apoiando o I+D+i, as empresas tecnolóxicas e as spin-off universitarias; con especial atención a aqueles proxectos socioeconómicos que contribúen ao desenvolvemento e aplicación dos principios e obxectivos da economía circular marcados pola Comisión Europea.
  - Explorar e impulsar os novos nichos de emprego, en especial nos sectores creativos, que son os que teñen actualmente maior capacidade de dinamizar a cidade e aumentar o seu atractivo residencial e comercial.
  - Necesidade de adoptar políticas de reactivación económica de consenso que mobilicen recursos propios e xeren confianza na recuperación entre os axentes económicos. No ano 2020 creáse o Comité Socioeconómico de Crise no marco do Consello Económico Social, un espazo de concertación de políticas e seguimento das mesmas con un liderado académico externo á organización municipal, que partindo das entidades integrantes do propio Consello Económico Social aporte información e fortaleza ao deseño de políticas municipais de reactivación económica, contribuíndo a xerar confianza entre os axentes. Neste espazo analízase o impacto socioeconómico da crise sanitaria do COVID19 e debatíranse e aprobáranse as medidas de Reactivación Económica de medio e longo prazo buscando o consenso e a incorporación ao debate dos principais axentes socioeconómicos da área de Compostela.

Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela.  
Edificio CERSIA Empresa, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela  
Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal

- Necesidade de construír espazos de reflexión e aprendizaxe : para compartir o aprendido en base á identificación de boas prácticas na xestión económica e social desta crise por parte de empresas e institucións da cidade.

No marco deste programa apróbase que "No convenio de colaboración previsto coa Universidade de Santiago de Compostela realízase a a III Feira de Mulleres emprendedoras de Compostela en outono, reformulándose o contido formativo e de debate da mesma para avaliar o impacto da Crise do COVID-19 nas empresas promovidas por mulleres. Ademais no marco do mesmo convenio porase en marcha o sistema de indicadores socioeconómicos para a monitorización da crise socioeconómica da COVID19 que tamén servirá para cumprir as necesidades de indicadoras da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela. Este convenio conta cun orzamento de 40.000,00€"

- II. Que é interese das institucións comparecentes, fomentar e impulsar as actividades de información, formación e mellora da competitividade empresarial nos proxectos empresariais a través do aporte de un mellor sistema de información e análise da situación económica, así como a promoción especial de proxectos empresariais promovidos por mulleres que contribúan aos obxectivos de igualdade e desenvolvemento sostible marcados na programación estratéxica de ambas entidades.
- III. Que a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA , dispón de competencia, metodoloxía, equipo técnico e rede de contactos precisos para desenvolver de xeito óptimo e no marco das súas actividades e defensa dos seus intereses ás actividades e servizos obxecto deste convenio, que non poderían ser realizadas polo Concello de Santiago con recursos propios para a consecución dos fins expostos sen incurrir nun custe moito máis elevado.
- IV. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a realización das labores obxecto do convenio co consecuente beneficio para toda a cidadanía do Concello de Santiago, considerando que é positivo para a promoción da actividade emprendedora liderada por mulleres na cidade, de acordo cos obxectivos marcados no programa Compostela Móvese 2020 COVID-19. En consecuencia,

### CONVENIEN

19.- É obxecto deste convenio subvencionar os gastos necesarios para que a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA realice durante o ano 2021 as seguintes actividades:

#### ACTIVIDADE 1: III FEIRA DE EMPREENDEDORAS

Woman Emprende é unha iniciativa que se desenvolve na Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela dirixida ás Emprendedoras. Con esta iniciativa reforzase o compromiso universitario co emprendemento integral e responsable.

Xurde como unha iniciativa pioneira co obxectivo de repostar á realidade sociolóxica que tamén se dá na Universidade de Santiago de Compostela. É unha realidade que, malia que as mulleres son clara maioría na comunidade estudiantil, as iniciativas empresariais que xorden a partir das aulas e dos grupos de investigación están, na súa meirande parte, promovidas por homes.

Unha das tarefas que ten asignadas Woman Emprende é a de acadar unha representación das mulleres no emprendemento universitario acorde coa súa cuota de participación na poboación universitaria. Para iso desenvólvese unha exploración con perspectiva de xénero de todo o proceso que acompaña á creación de empresas universitarias baseadas no coñecemento, ao tempo que se ofrece apoio as emprendedoras,

Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela.  
Edificio CERSIA Empresa, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela  
Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal

realizando actividades comúns, e acompañamento a cada un dos proxectos dende o inicio ata o desenvolvemento real da actividade.

Todo isto tendo en conta a situación de inferioridade da que parten as mulleres para realizar esta actividade emprendedora, tanto por unha cuestión de mentalidade herdada por séculos de androxeísmo como pola propia contorna social, tendente a crear "teitos de cristal" permanentes alí onde as mulleres intentan destacar.

Este factor de inferioridade incrementase no sector das empresas de base tecnolóxica saídas das universidades promovidas por tecnólogas; persiste a histórica diferenciación entres as carreiras "femininas" e as carreiras "mascullinas", esta diferenciación leva a que sexan minoría os modelos femininos de proxectos empresariais nos sectores tecnolóxicos, e cando se fai referencia a un modelo de emprendemento saído das ensinanzas técnicas pensamos nun rapaz "home", tecnólogo, que vai perpetuando un modelo de emprendedor tecnolóxico co que as mulleres non se sinten identificadas, pero esta selección xa ven dende o ensino medio cando rapazas e rapaces escollon as áreas de estudo, e os referentes de emprendedores tecnolóxicos tamén reflicten estes estereotipos de xénero, e alonxan ás rapazas das vocacións tecnolóxicas que tamén son as máis valoradas socialmente e que implican postos de maior nivel salarial nas empresas.

Esta terceira edición da Feira de Emprendedoras de Compostela está adicada ás universitarias. Mulleres que estudan ou estudaron nas aulas da Universidade de Santiago de Compostela e que contemplan o emprendemento como unha saída laboral, creando tecido empresarial na Comarca de Compostela.

Esta III Feira celebrárase no inicio do curso académico 2021-2022 na época do outono, momento no que Santiago de Compostela é unha cidade que se torna universitaria, facendo que o ambiente universitario ocupe moitos espazos e momentos dos eventos composteláns.

A idea desta terceira feira é a de visibilizar ás mulleres, con titulacións universitarias, que está creando tecido empresarial na Comarca de Compostela, e a de poñer en valor a importancia do liderazo feminino como bo modelo empresarial na actual crise sanitaria, social e empresarial que estamos vivindo.

A misión desta III Feira é a de constituír un punto de encontro para emprendedoras con proxectos innovadores e prestarlles asesoramento necesario para levar á práctica o seu proxecto empresarial, prestando atención ademais á súa formación nos diversos eidos da empresa.

Destinatarias: Emprendedoras con proxectos empresariais cun alto grado de innovación ou intensivos en coñecemento e emprendedoras universitarias.

Obxectivos:

1. Asistencia no lanzamento e consolidación dos proxectos empresariais.
2. Asesoramento integral dos proxectos.
3. Ofrecer ás mulleres a formación necesaria para optimizar ao máximo a xestión do seu proxecto empresarial e a súa futura empresa .
4. Difusión da cultura emprendedora a través de charlas divulgativas, presentando dentro das mesmas experiencias concretas de mulleres que xa emprenderon.
5. Sensibilización das emprendedoras da importancia de crear empresas nas que se traballe con perspectiva de xénero.
6. Seguemento das empresas xa constituídas, asesorándolas na súa xestión en diferentes eidos como no lanzamento de novos produtos, internacionalización de mercados, a redefinición do seu plan de negocio e na realización de estudos de mercado na procura de novos mercados para o seu produto ou servizo.
7. Colaboración coas distintas entidades de apoio á creación de empresas de Compostela.

Esta III Feira estruturárase en dúas partes:

Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela.  
Edificio CERSIA Empresa, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela  
Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal

**- Formación inicial previa.**

Datas: 25, 26, 27 e 28 de outubro de 2021

Formato presencial: Instalacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Temática: Desenvolvemento das competencias básicas que toda emprendedora debe de comprender para ser quen de transformar a súa empresa nunha iniciativa viable e con garantías de éxito:

25/10/2021: O Canvas, panel gráfico da empresa.

26/10/2021: Identidade, personalidade, recursos e actividade empresarial.

27/10/2021: Recursos humanos, habilidades, liderazgo feminino.

28/10/2021: Estratexia empresarial con perspectiva de xénero.

Pilula formativas: 2 horas formación/día

**- III Feira de Emprendedoras.**

Datas: 29 e 30 de outubro de 2021

LUGAR: Facultade de Historia

Programa previsto:

Feira expositiva das UNIVERSITARIAS: casetas repartidas no Claustro de Fonseca.

Entrevistas en directo e retransmitidas por streaming.

Temáticas para mesas redondas e debates:

Venres 29 de outubro de 2021

Mañá de 12.00 a 14.00 horas

Inauguración:

**Mercedes Rosón Ferreiro**

Concelleira responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade. Primeira tenente de alcalde.

**María do Mar Lorenzo Moledo**

Vicerreitora de Igualdade, Cultura e Servizos

Mesas Redondas:

- Orientación laboral e empregabilidade das universitarias. Creando emprego de valor engadido.
- O emprendemento universitario na Comarca de Compostela.

Tarde de 16.00 a 19.00 horas

Mesas redondas:

- Compostela, territorio referente na biotecnoloxía.
- Compostela, emprendemento universitario en humanidades, ciencias sociais e ciencias xurídicas. Eido cultural e artístico.

- Mulleres e emprendemento TIC: negos de xénero, os algoritmos, big data.

Sábado 30 de outubro de 2021

Mañá de 12.00 a 14.00 horas

- Empresas de base científica referentes: liderazgo feminino.

- Economía feminista: emprendemento social, circular, sostible e centrado nas persoas. Emprendemento colaborativo.

Tarde de 16.00 a 18.00 horas

Clausura:

**Xosé Antonio Sánchez Bugallo**

Alcalde do Concello de Santiago

**Antonio López Díaz**

Reitor Universidade de Santiago de Compostela

**ACTIVIDADE 2: XESTIÓN DO COMITÉ SOCIOECONÓMICO**

**Traballos a realizar:**

• **Elaboración e seguimento dun sistema de indicadores cuantitativos reducido** para a avaliación da situación socioeconómica do concello de Santiago, deseñar liñas de acción e monitorizar o progreso nos próximos anos.

- o Correspondencia do sistema coa Axenda Urbana 2030 e Obxectivos Desenvolvemento Sostible (ODS) e co sistema de indicadores de longo prazo propostos no informe España 2050.
- o Compatibilidade co Sistema de información Xeográfica (avaliación das posibilidades de desagregación xeográfica do sistema de indicadores: seccións censais, barrios...)

**Carga de traballo estimada: 200 horas**

• **Elaboración dun informe socioeconómico semestral.** O informe terá o seguinte guión:

- o Introducción
- o Evolución dos indicadores de gasto (Observatorio Abanca)
- o Evolución do mercado de traballo
- o Mapa de indicadores
- o Revisión das medidas adoptadas a escala local

**Carga de traballo estimada: 200 horas**

• **Asesoramento técnico ao Comité Económico de Crise no deseño de medidas de reactivación económica** a medio e longo prazo, incluíndose nesta función:

- o Dinamización do Consello Económico e Social (elaboración dun plan de traballo e dun cronograma).
- o Identificación de prioridades, discusión de medidas e avaliación do cumprimento dos obxectivos propostos.

**Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela.**

Edificio CERSA Empresa, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela  
Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal

**Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela.**

Edificio CERSA Empresa, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela  
Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal

- o Programación de xornadas temáticas informativas en colaboración coas institucións incorporadas ao Comité Económico de Crise, para dar información ao tecido económico sobre os recursos públicos ao seu alcance e sobre as experiencias de boas prácticas identificadas para facilitar a aprendizaxe e toma de decisións dos axentes.

**Carga de traballo estimada: 80 horas**

• Desenvolvemento dunha nova ferramenta de análise: **modelo multisectorial da área funcional de Santiago de Compostela**

- o Marco Teórico: Modelos multisectoriales de avaliación de impacto.
- o Aplicación a unha economía local: problemas e alternativas de modelización.

**Carga de traballo estimada: 80 horas**

**2.-** A Universidade de Santiago de Compostela presenta para que forme parte deste convenio a seguinte documentación:

- Certificación do orzamento xeral de gastos e ingresos previstos para o ano 2021 obxecto de subvención.
- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e co Concello de Santiago.
- Certificación oficial de estar ao corrente coa facenda da Comunidade Autónoma.
- Declaración xurada de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Copia compulsada do CIF da Entidade.
- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figura como titular e o seu número de conta, BIC e IBAN.

**3.-** O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2021 á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA coa cantidade de 40.000,00-EUROS con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4890003 dos orzamentos municipais para o ano 2021, destinados a colaborar no financiamento das actividades reseñada no punto 1º deste convenio.

**3.1.- ORZAMENTO ACTIVIDADE 1: 18.000,00€ IVE incluído**

Estes 18.000,00-€, a efectos de xustificación estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2021:

CONCEPTO	IMPORTE FEIRA ive engadido
Formación: empresas viables	4000€
Personal propio da USC	4500€
Organización da Feira	5000€

**Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela.**

Edificio CERSA Empresa, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela  
Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal

CONCEPTO	IMPORTE FEIRA ive engadido
Deseño da imaxe do evento	1500€
Comunicación do evento (streaming)	2300€
Medidas covid	700€
TOTAL	18000€

\*O importe exacto das distintas partidas pode variar en función das distintas contratacións precisas para o desenvolvemento das actividades. De non ser posible a xustificación da totalidade do orzamentos dunha liña por este motivo, admitirase a xustificación do resto con cargo ao resto de actividades descritas neste convenio.

**3.2.- ORZAMENTO ACTIVIDADE 2: 22.000,00€ IVE incluído**

Estes 22.000,00-€, a efectos de xustificación estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2021:

CONCEPTO	IMPORTE Xestión do Comité Socioeconómico ive engadido
Material Funxible	1300€
Bases de datos a medida (solicitude de microdatos EPA IGE-INE) Alugueiro Servidor Base de datos	3200€
Gastos de persoal propio da USC e axudantes de investigación	16800€
Viaxes e dietas	700€
TOTAL	22000€

\*O importe exacto das distintas partidas pode variar en función das distintas contratacións precisas para o desenvolvemento das actividades. De non ser posible a xustificación da totalidade do orzamentos dunha liña por este motivo, admitirase a xustificación do resto con cargo ao resto de actividades descritas neste convenio.

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para o mesmo fin, non se supere o orzamento total de gastos presentado pola UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de Compostela para o ano 2021.

**4.-** A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA comprométese, en virtude deste convenio a publicar a colaboración do Concello de Santiago, na súa páxina web e en toda a documentación xerada como memorias de actividades, nota de prensa, convocatorias de programas, publicidade dos servizos, referentes aos servizos enunciados no punto 1º do convenio.

**Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela.**

Edificio CERSA Empresa, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela  
Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal

**5º-** O pago efectuarase previa xustificación da entidade interesada. O prazo de xustificación rematará o 15 de novembro de 2021.

Para facer efectivo o pago é condición necesaria que a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de Compostela presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, **como data límite a indicada no parágrafo anterior**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

**5.1.- Declaración asinada polo presidente da Entidade** na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumpridos os compromisos especificados no punto 4º do presente convenio. Presentaranse como xustificantes pantallazos da web, notas de prensa, fotografías, etc nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio.

**5.2.- Facturas oficiais ou fotocopias compulsadas** que se correspondan cos conceptos de gastos que figuran no apartado 3º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2021, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación. Para a xustificación de gastos de persoal da propia entidade deberán presentarse as nóminas, TCs, xustificantes de transferencia bancaria e certificado do presidente da entidade de asignación do persoal ao servizo obxecto deste convenio, indicando a duración no tempo e porcentaxe da xornada laboral adicada a cada programa ou proxecto.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 3ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos previstos da entidade, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificativo supere o importe da subvención recollida no mesmo.

**5.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade** na que se expresen, baixo a súa responsabilidade, as axudas públicas ou privadas, solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin no presente ano 2021.

**5.4.- Declaración asinada polo presidente da Entidade** na que se indique, baixo a súa responsabilidade, que as axudas públicas e/ou privadas, solicitadas e/ou concedidas, xunto coa subvención do Concello de Santiago non superaron o orzamento de gastos, nin cada un dos conceptos de gasto para os que se concede a subvención, previstos no artigo 3.

**5.5.-** No momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagamentos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

**6º-** O prazo de vixencia deste convenio establécese dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021. Serán subvencionables os gastos executados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 15 de novembro de 2021.

**7º-** O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

**8º-** Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela. .  
Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela  
Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal

**9º-** Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

**10º-** O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA indicado na certificación bancaria aportada pola entidade.

**11º** As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e ao Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

**12º** Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- Mutuo acordo entre as partes.
- O vencemento do seu prazo.

**13º** O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, segundo o sinalado no seu art. 6 sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela

**Santiago de Compostela, na data indicada nas sinaturas dixitais**

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Pola UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de Compostela

Asdo.: Xosé Sánchez Bugallo  
**ALCALDE**

Asdo: Antonio López Díaz  
**REITOR**

Oficina de Promoción Económica dependente de Alcaldía do Concello de Santiago e Compostela. .  
Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela  
Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.  
Correo electrónico: cersia@santiagodecompostela.gal. Páxina web: www.cersiaempresa.gal